Nunca antes, conscientemente, aprobara nin suspendera a quen non o merecía como resultado da aplicación dos criterios de avaliación perfeccionados co transcurso de anos de docencia. Agás nunha ocasión, unha ocasión extraordinaria, dramática, terrible. Tratábase dun alumno que carrexaba un importante retraso escolar motivado pola familia desestruturada que lle tocara en sorte. Este retraso agudizouse e complicouse cun desequilibrio mental cando a súa desgraciada fortuna no reparto de familias levouno a contemplar, con só dez anos, como o pai lle pegaba un tiro á nai e suicidábase a continuación. O psicólogo que o tratou a partir dese suceso enviou un informe confidencial para o profesorado no que aconsellaba aprobarlle todas as materias porque o rapaz amosaba unha preocupante inclinación ao suicidio.

Pero este ano dei aprobado xeral. Este ano, o da miña xubilación, os meus pupilos regaláronme un libro de 120 páxinas, unha por cada alumno, que fixeron cadanseu debuxo e redactaron cadansúa despedida, todas amables, cariñosas, estupendas. E ademais escribiron e ensaiaron, no máis absoluto dos segredos e organizados polos seus profesores, unha obra de teatro sobre a miña vida que representaron, con enorme e extraordinaria sorpresa para min, no Día do Libro.

Para rematar un dos días que non dubido en colocar entre os máis felices da miña vida, reunido todo o colexio, xunto coa miña familia cuxos rostros descubrín con ollos coma pratos entre o público (“avó, estou aquí”, berroume o meu neto), reunidos, dicía, fronte á porta da biblioteca, descubriron unha placa que dá fe de que, dende ese momento, leva o meu nome.

Nunca me gustou regalar os aprobados, como lle sucede a todos os compañeiros cos que compartín a engaiolante tarefa de modelar a tenra arxila con mans de oleiros sempre insatisfeitos, sempre procurando o toque misterioso que nos permita perfeccionar a peza que a natureza e as circunstancias puxeron no noso torno. E sei que dar aprobado xeral é inxusto. Penseino moito antes de facelo. Sei que fun e serei criticado,con razón, por moitos, sobre todo por colegas. Pero aquel día decidín dúas cousas, coas que quixen corresponder a todo aquel colectivo que estaba a facerme feliz: dar aprobado xeral e escribir un libro para o colexio.

Xurxo, un alumno a quen, como se di coloquialmente, “faltáballe unha fervura”, e que, ademais, renunciara a facer calquera esforzo, estaba moi atento mentres eu lle explicaba ao seu curso a miña decisión de aprobar a todos. Cando acabou a clase e saíron para o recreo, el quedou atrás facendo tempo ata que estivo só, momento que aproveitou para achegarse a min e dicirme:

- Teacher, ¿a min tamén me vas aprobar?

A miña resposta afirmativa realizou o milagre de transformar aqueles ollos pouco expresivos en brillante pozo de alegría e marchou a correr sen dicir máis nada.

Xurxo ten pouca habilidade manual. Os seus debuxos necesitan explicación. É incapaz de dar color entre liñas trazadas sen saír delas. Pero o día de fin de curso deume un sobre grande e, dentro, había un folio limpo, cun marco de corazóns pintados dun vermello que se mantiña exactamente dentro dos límites marcados, e unha gran palabra, con liñas negras e corpo azul, ben debuxada, ben centrada, coa cor homoxénea e dentro das raias.

- Fixen dez probas ata que me saíu ben – díxome, fachendoso e contento.

Contemplei, tratando de disimular a humidade dos ollos, aquela fermosa palabra: GRAZAS.